



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA SUBVENCIONAR O FUNCIONAMENTO DO CENTRO RAFAEL PUGA RAMÓN DURANTE O CURSO ESCOLAR 2024-2025.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Deputación Provincial da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de setembro de 2024 ata o 31 de outubro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Subvencionar o funcionamento do centro público Rafael Puga Ramón, dependente da Deputación Provincial da Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Debido a que este convenio ten como orixe o Real Decreto 657/1978, do 2 de marzo, non é posible promover a concorrência pública, polo que para a tramitación deste convenio





debe terse en conta o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25).

Concretamente o artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que:

“Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións: [...]

c) Con carácter excepcional aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”, circunstancias que se dan no convenio que nos ocupa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

(asinado dixitalmente)

